

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CELEBRADA O DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2011.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **VINTESETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL ONCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D<sup>o</sup> MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D<sup>o</sup> MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D<sup>a</sup> MARGARITA CAMPOS ESPÍÑO** e **D<sup>o</sup> ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA PAULA MARIA SUAREZ COTELO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-**

**2º.- SUBVENCIONS.-**

**3º.- CONTRATACIÓN.-**

**3º.- URBANISMO.-**

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.**

**1.1.-** Dase conta do escrito presentado por sete comerciantes da rúa Outeiro de Silleda, Rexistro de Entrada nº 4607, de data 25 de outubro de 2011, no que expoñen as deficiencias da rede de alcantarillado e sumidoiros da mencionada rúa, que fan que desprendan un fedor que xera unha mala imaxe dos establecementos e a súa vez repercute na rendabilidade dos mesmos.

Visto que o técnico municipal do servizo de Fontanería informou que os sumidoiros da marxe esquerda da rúa Outeiro, de recente construción, están sen sifóns, polo que producen malos cheiros, e que os da marxe dereita están totalmente atascados.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da Alcaldía, por unanimidade acorda:

**PRIMEIRO.-** Que o técnico municipal de Urbanismo determine a obriga de ter colocado sifóns nos sumidoiros de recente execución.

SEGUNDO.- Que se informe á empresa concesionaria do servizo municipal de augas, Espina & Delfín S.L., para que proceda á limpeza dos sumidoiros da marxa dereita, coa precaución de colocar os sifóns, en caso de non dispoñer deles.

TERCEIRO.- Que se lle dé traslado do presente acordo aos veciños e comerciantes da rúa Outeiro

**1.2.-** Escrito da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, Rexistro de Entrada nº 4624, de data 26 de outubro de 2011, comunicando que, rematada a temporada estival, deberase proceder á apertura das comportas da/s praia/s fluvial/ais do concello, no caso de non telo feito xa.

Vista a comunicación anteriormente mencionada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar á Consellería de Medio Rural que o Concello de Silleda non conta con comportas nas súas zonas de baño .

**1.3.-** Escrito de D<sup>a</sup> Yolanda Villar García, Rexistro de Entrada nº 4575, de data 24 de outubro de 2011, en representación da Escuela Europea de Líderes, solicitando permiso para fogueira no polígono de Silleda, nunha parcela propiedade municipal, o vindeiro día 12 de novembro de 2011, con motivo de realizar unha dinámica firewalking.

Visto que, unha vez que consultado o responsable do Grupo Municipal de Intervención Rápida (Grumir), éste comunica a Alcaldía que non existe ningún problema

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o uso da citada parcela municipal a entidade solicitante, lembrándolle previamente que os terreos deben de quedar nas debidas condicións nas que foron cedidos, e que teñen así mesmo que garantir as pertinentes condicións de seguridade.

**1.4.-** Dase conta do escrito remitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Turismo, Rexistro de Entrada nº 4565, de data 24 de outubro de 2011, remitindo informe sobre as medidas xurídico-administrativas de protección que amparan a Vía da Prata ao seu paso polo Concello de Silleda, elaborado polo xefe do servizo de protección e fomento da Dirección Xeral, en data 17 de outubro de 2011, achegando co mesmo plano do percorrido da rúa por este termo municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda dar conta do citado informe e dos planos que o acompañan, así como remitir este ao Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (Adif) así como a D. José M<sup>a</sup> Verdú Valencia, responsable da Secretaría General de Relaciones Institucionales do Ministerio de Fomento.

**1.5.-** Dase conta do escrito da Secretaría Xeral de Familia e Benestar - Consellería de Traballo e Benestar, Rexistro de Entrada nº 4566, de data 24 de outubro de 2011, remitindo resolución de concesión de subvención ao abeiro da Orde do 3 de 2011 pola que se regulan as

bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais, para os conceptos e nas contías que se relacionan a continuación:

CONCEPTO	RENOVACION	INCREMENTO/ NOVOS PROXECTOS	TOTAL CONCEDID O 2011	REMANENTE	DESCONTADO REMANENTE 2011
<b>P E R S O A L D E S E R V I Z O S S O C I A I S C O M U N I T A R I O S M U N I C I P A I S</b>					
TRABALLADOR/A SOCIAL (2 a xornada completa)	30.025,18	0,00	30.025,18	0,00	30.025,18
TITULADO/A MEDIO/A (1 a media xornada)	7.506,30	0,00	7.506,30	0,00	7.506,30
A U X I L I A R ADMINISTRATIVO/A (1 a xornada completa)	12.028,57	0,00	12.028,57	0,00	12.028,57
AXUDA NO FOGAR (prestación básica)	3.850,04	0,00	3.850,04	0,00	3.850,04

Vista a drástica redución no importe das axudas para atender aos dez usuarios de libre concorrencia, do Servizo de Axuda no Fogar

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a elaboración dun informe por parte de Servizos Sociais, sobre a situación dos usuarios do Servizo de Axuda no Fogar con propostas sobre as posibles medidas a adoptar á vista da redución dos fondos autonómicos para a súa prestación.

**1.6.-** Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Rexistro de Entrada nº 4563, de data 24 de outubro de 2011, expediente DH.A36.12924 a nome de Comunidade de Usuarios de Saidres, remitindo resolución de data 18 de outubro de 2011 pola que se otorga a concesión dun caudal de auga de 0,33 l/s procedente de tres mananciais situados no lugar de monte da igrexa, parroquia de San Xoán de Saídres, con destino a usos domésticos.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.7.-** Visto que o pasado verán se realizaron actuacións na confluencia dos ríos Deza e Ulla, na parroquia de Cira, acondicionando unha zona de baño que viña sendo tradicionalmente usada polos veciños da localidade e a súa contorno.

Vista a necesidade de regularizar a situación desta zona convertíndoa nunha praia fluvial.

Dende a Concellería de Medio Ambiente propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*“PRIMEIRO.- Tramitar ante o organismo Augas de Galicia a pertinente solicitude de obras ou traballos en zona de policía de leitos.*

*SEGUNDO.- Elaborar planos de situación a escala, memoria explicativa, un estudo sobre a avaliación dos efectos sobre o medio ambiente, a salubridade e os recursos pesqueiros, elaborado por un técnico competente*

*TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Medio Ambiente, Antonio Couso Álvarez, para encargar a realización dos traballos anteriormente citados e que deben de acompañar a pertinente solicitude ante o organismo autonómico.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar esta porposta.

**1.8.-** Dase conta dos escritos remitidos pola Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 4486 e 4487 de data 18 de outubro de 2011 e nº 4530 de data 20 de outubro de 2011, remitindo resolucións sobre entrega dos investimentos do Plan de Investimentos da Deputación de Pontevedra 2009-2011 seguintes:

Investimento número	Denominación
2009002414	Acondicionamento da praza do auditorio Manuel Dopazo
2009002416	Senda Casa del Caminero
2009002413	Reforma apeadeiro CEIP de Silleda

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda dar traslado destas resolucións ós Servizos Técnicos para que informen sobre o estado das obras e se proceda aceptar a entrega das mesmas.

**1.9.-** Dase cona do escrito da Consellería do Medio Rural, Rexistro de Entrada nº 4587, de data 25 de outubro de 2011, remitindo informe realizado polo Servizo de Caza e Pesca Fluvial con relación á proposta realizada por este Concello en canto á problemática xurdida polos danos que causan as poboacións de xabaríns nos cultivos agrícolas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda remitir unha copia do informe mencionado ós grupos políticos municipais e a Unións Agrarias.

**1.10.-** Dase conta do informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, en data 24 de outubro de 2011, en relación a solicitude presentada por Dº Isaac Fernández Sarmiento, en calidade de apoderado de CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SAMRIENTO, S.A., Rexistro de Entrada nº 4156 de data 29 de setembro de 2011, solicitando devolución dos avales constituídos por Sogarpo na realización da obra “Rede de Abastecemento de Auga Potable nos núcleos de poboación do Concello de Silleda: Taboada Vella e Reboredo”.

O mencionado informe literalmente dí:

*“INFORME TECNICO URBANISTICO:*

*SOBRE: Escrito de solicitude de D. Isaac Fernández Fernández, como Apoderado da empresa CONSTRUCCIONES FERNANDEZ SARMIENTO, S.A., no que literalmente consta:*

*“EXPONE:*

*1.- Construcciones Fernández Sarmiento, S.A., fue adjudataria de la obra:*

*"REDE DE ABASTECIMIENTO DE AGUA POTABLE NOS NÚCLEOS DE POBLACIÓN DO CONCELLO DE SILLEDA: TABOADA VELLA E REBOREDO"*

*2.- Con fecha 29/09/2010 se registró la certificación nº2 y final, de fecha 10/09/10, acta de recepción de fecha 10/09/2010 (sin nº de registro), cuyas fotocopias adjuntamos.*

*3. - Adjuntamos informe de fin de período de garantía emitido por el Director Técnico D. Pablo Dafonte Vázquez, colegiado nº 898 y habiendo transcurrido el plazo de garantía,*

*Por ello,*

*Solicito la devolución de los avales constituídos por Sogarpo:*

*Nº10017034 por importe de 4.837,77 € del 18/09/2009, presentado el 22/09/09, y el nº 10017074 por el importe de 375,34 € del 30/09/09 presentado el 02/10/2009 complementario para llegar al 5% de la adjudicación, cuyas fotocopias se adjuntan.*

*Silleda, a 29 de septiembre de 2011.*

*Fecha de Entrada: 29-Sept.-2.011.-*

*Num.: 4.156.-”*

*A instancias do Sr. Concelleiro D. Manuel Cuiña e visto o escrito de solicitude e documentación anexa, que se relaciona a continuación, dende o punto de vista técnico-urbanístico,*

*INFORMO o seguinte:*

1º.- Consta fotocopia de CERTIFICACIÓN DE OBRA Núm. "2 e final", subscripta polo Director da obra D. Pablo Dafonte Vázquez - Arquitecto Técnico, con data de Entrada 29-Sept.-2.010.-

2º.- Consta fotocopia de ACTA DE RECEPCIÓN ÚNICA, con data 10-Sept.2.010.-

3º.- Consta copia de INFORME DE FIN DE PERÍODO DE GARANTIA, subscripto polo Director Técnico - D. Pablo Dafonte Vázquez, no que fai constar que, "procede la devolución de la fianza definitiva solicitada por el contratista adjudicatario de la obra".

*Por todo elo estimase, que dende o punto de vista do técnico que subscribe e da documentación achegada do conxunto de actuacións realizadas, salvo vicios ocultos non se aprecia inconveniente técnico, a proceder a devolución da fianza depositada."*

A Xunta de Goberno Local, dacordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade acorda que pola Intervención se comprobe si xa rematou o prazo de garantía, e en caso afirmativo proceder a devolución dos avais solicitados.

**1.11.-** Dase conta do informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, en data 24 de outubro de 2011, en relación a solicitude de devolución de fianza formulada por Dº Jesús Fernández González, en representación de CONSTRUCCIONES SUSO CHAIRA, S.L., pola obra "Cerramento e cuberta da reforma e ampliación da Casa da Cultura da Bandeira".

O mencionado informe literalmente dí:

*"Vista a PROVIDENCIA DA ALCALDIA, recibín con data 25 de outubro de 2.011, na que literalmente consta:*

*"Visto que o pasado 4 de agosto a xunta de goberno local solicitou informes sobre o expediente de solicitude de devolución de fianza formulada por D. Jesús Fernández González en representación da empresa Construcciones Suso Chaira SL., pola obra Cerramento e cuberta da reforma e ampliación da Casa da Cultura da Bandeira.*

*Visto que, ante a falta de resposta a este requerimento o pasado 13 de outubro lle foi remitida unha providencia para que emitira o informe sobre o citado asunto.*

*Visto que os servicios xurídicos, que foron requeridos polo mesmo, xa remitiron a esta Alcaldía o correspondente informe.*

*Visto que consideramos que se trata de un tema urxente e que se contou con tempo máis que suficiente para a elaboración do informe. "*

**SOLICITO:**

*-Que emita de forma urxente o informe solicitado a fin de incluílo na xunta de goberno local do vindeiro xoves 27 de outubro.*

*Vista a PROVIDENCIA DE ALCALDIA, recibín con data 13 de outubro de 2.011, na que*

*literalmente consta:*

*“Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de agosto de 2.011, sobre o expediente de devolución de fianza formulada por D. Jesús Fernández González en representación da empresa Construcciones Suso Chaira SL. pola obra Cerramento e cuberta da reforma e ampliación Casa de Cultura de Bandeira, no que se dí literalmente que "por parte da alcaldesa ponse de manifiesto a falla de execución de unidades de obra e que o representantes da empresa nega nun escrito de data 2 de agosto, no que se reitera a súa petición de devolución.*

*Visto que con data 10 de outubro a empresa Suso Chaira SL. solicitou de novo a devolución da fianza.*

*Visto que aínda non hai resposta ao requerimento do 4 de agosto de 2.011.*

*SOLICITO: Que se emitan os informes precisos para determinar se procede ou non a devolución do citado aval.”*

*VISTO o ESCRITO:*

*ASUNTO: Devolución de fianza.*

*Don. Jesús Fernández González, en representación legal da empresa CONSTRUCCIONES SUSO CHAIRA, S.L., con CIF. B-36.043.891*

*EXPON:*

*Que por parte do Concello seguimos sen obter resposta da petición da devolución da fianza correspondente a obra: CERRAMENTO E CUBERTA DA REF. E AMP. DA CASA DE CULTURA DA BANDEIRA. (Último escrito metido o 1 de agosto).*

*Polo tanto rogamus se nos devolva dita fianza que nos corresponde por lei do 30/2007 de Contratos do Estado do sector Público, Artículo 90.*

*Atentamente saúdalle.*

*Fecha de Entrada: 10-Outubro-2.011.-*

*Num.: Non Consta.-*

*VISTO que, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día catro de agosto de dous mil once, adoptou, o seguinte acordo:*

---

*1.4.- Dase conta do expediente de solicitude de devolución de fianza formulada por D. Jesús Fernández González en representación da empresa CONSTRUCCIONES SUSO CHAIRA S.L.*

*pola obra: CERRAMENTO E CUBERTA DA REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA DE CULTURA DE BANDEIRA. Por parte da Alcaldesa ponse de manifesto a falla de execución de unidades de obra que o representante da empresa nega nun escrito de data 2 de agosto, no que se reitera na súa petición de devolución.*

*A Xunta de Goberno acorda dar traslado deste expediente ós servizos técnicos para recabar informe do mesmo así como os servizos xurídicos para o seu estudo.*

---

*VISTO o escrito:*

*Asunto: Devolución Fianza*

*Obra: CERRAMENTO E CUBERTA DA REF. E AMP. DA CASA DE CULTURA DA BANDEIRA.*

*Don Jesús Fernández González, en representación legal da empresa CONSTRUCCIONES SUSO CHAIRA, S.L., con CIF. B-36043891*

*Con referencia o escrito do 14 de xullo, onde se nos notifica a falta de unidades de obra.*

*EXPOÑO QUE:*

*Sorprendeme de que considere que faltan unidades de obra despois de ter feita a última certificación e mais a recepción dasesma, (firmadas polos Técnicos Directores da obra) polo que nos reiteramos na nosa petición da inmediata devolución da fianza, xa que como espuxemos no escrito anterior supera amplamente o prazo establecido no contrato.*

*Fecha de Entrada: 02-Agosto-2.011.-*

*Num.: 3266.-*

*VISTO o escrito:*

*Asunto: Devolución Fianza*

*Obra: CERRAMENTO E CUBERTA DA REF. E AMP. DA CASA DE CULTURA DA BANDEIRA.*

*Don Jesús Fernández González, en representación legal da empresa CONSTRUCCIONES SUSO CHAIRA, S.L., con CIF. B-36043891*

*EXPON:*

*Que con data 10 de Novembro de 2009, recibíronse ditas obras, e despois de pedir a devolución da fianza por escrito e personándome nese Concello en varias ocasións, non entendo porque non se me axiliza o tema. Una vez mais quero e insisto para que se me faga entrega da*



*fianza, xa que nos está a causar un gasto innecesario.*

*O mesmo tempo reclamo os intereses que me pertencen por Ley.*

*Fecha de Entrada: 14-Xullo-2.011.-  
Num.: 3035.-*

*Vista a PROVIDENCIA DE ALCALDIA, recibín con data 28-Xulio de 2.011, na que literalmente consta:*

*Visto o escrito presentado por D. Jesus Fernández González con data 14 de xullo no que solicita a devolución da fianza da obra Cerramento e Cuberta da Ref. e Ampliación da Casa de Cultura de A Bandeira, solicítase:*

*Que se elabora un informe urbanístico sobre esta cuestión para tramitar citada petición.*

*E habendo posto en contacto con CONSTRUCCIONES SUSO CHAIRA, S.L. me manifiestan el escrito que han recibido, no que literalmente consta:*

---

*"D. Jesús Fernández González  
Construcciones Suso Chaira 8.L.  
Avda Recinto Ferial, nº8  
36540 - Silleda.*

*Visto o escrito presentado por vostede con data 14 de xullo no que solicita a devolución da fianza da obra Cerramento e Cuberta da Ref. e Ampliación da Casa da Cultura de A Bandeira, comunicámoslle que:*

*Xa se deron as oportunas instruccións ao técnico municipal deste Concello. E en virtude do que indica a Policía Local, no citado edificio falta unha zona de mortero monocapa na fachada lateral esquerda. Consideramos que debería de ir solucionando esta cuestión antes de que sexa efectuada a correspondente inspección.*

*Silleda, 27 de xullo de 2011.  
A Alcaldesa-Presidenta  
Asdo.: Paula Fernández Pena*

---

*O Técnico que subscribe, constalle (adxuntase fotocopia) da ACTA DE RECEPCIÓN PARCIAL DE OBRAS DE EDIFICACIÓN CORRESPONDENTE A FASES TERMINADAS, subscriita por:*

- Construcciones Suso Chaira, S.L.*
- Director da Obra: Arquitecto.*
- Director da execución da Obra: Arquitecto Técnico.*

*Con data de finalización da obra: 10 de novembro de 2.009.*

*Con data 26-Outubro de 2.011 conxuntamente co Concelleiro Don Matías Rodríguez da Torre, a instancias da Sra. Alcaldesa-Presidenta, presentamonos na citada casa da Cultura da Bandeira, os efectos de ver as obras da súa AMPLIACIÓN, CERRAMENTO E CUBERTA, observandose que hai unhas deficiencias, tales como por exemplo en mortero monocapa en fachada exterior e pezas de plaquetas rodapiés en terraza que se desprenderon. Estimandose polo tanto que se debería ter unha reunión ca empresa constructora e técnicos correspondentes para determinar o fin da actuación.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda dar traslado a Construcción Suso Chaira S.L. do informe anteriormente transcrito a efectos de que leve a cabo as subsanacións correspondentes, citándolle para unha reunión cos técnicos do Concello o vindeiro día 08 de novembro (martes) as 10,00 horas.

**1.12.-** Dase conta polo Concelleiro de Cultura do anteproxecto de “Musealización do Mosteiro de Carboeiro”, redactado por Tesouros Novos, cun orzamento (incluído IVA) de 195.348,14 €, coa finalidade de entrar na vía de axudas públicas do 1% cultural do Ministerio de Fomento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda remitir ao Ministerio de Fomento o anteproxecto encargado pola Concellaría de Cultura de musealización do Mosteiro de Carboeiro para solicitar para este ben de interese cultural os investimentos previstos na concesión de axudas do 1% cultural.

## **2º.- SUBVENCIONES.**

**2.1.-** Vista a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de 27 de xaneiro de 2.005.

Visto que se considera convinte por ésta xunta de goberno efectuar a convocatoria e concesión das subvencións para actividades culturais e deportivas .

Visto o informe de Secretaría emitido en data 27 de outubro de 2.011, no que se indica a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para convocar e conceder as subvencións.

Visto o informe de Intervención sobre a existencia de crédito para a atención do gasto derivado da concesión de tales subvencións:

- Partida 341.48900 - Subvencións para Entidades Deportivas
- Partida 334.48901 - Subvencións para Actividades Culturais.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 23 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvenciones e a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.** Efectuar a convocatoria para a concesión de subvencións en materia de actividades culturais e entidades deportivas, aprobando a estes efectos, as bases específicas reguladoras da convocatoria para o outorgamento de subvencións para actividades culturais e as bases específicas reguladoras da convocatoria para o outorgamento de subvencións para entidades deportivas, cuio texto literalmente dí o seguinte:

**“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI E DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SILLEDA.**

**1. DISPOSICIÓNS XERAIS.**

*Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e procedemento para a concesión de subvencións no ámbito do Termo Municipal de Silleda, de acordo cos principios de obxectividade, igualdade, concorrencia e publicidade, para a prestación de servizos e a realización de actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan o fomento dos intereses peculiares do municipio de acordo co establecido na lexislación sobre réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Regulamento de Servizos de 1955; Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia; Lei 38/2003, de 17 de novembro; Xeral de Subvencións; Lei Xeral Orzamentaria).*

**2. FINALIDADE E OBXECTO.**

*A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os seus destinatarios realicen as seguintes actividades:*

*A) Promoción de Actividades Culturais, Sociais e outras de intereses xeral.*

*Poderán optar a estas subvencións as Asociacións Culturais e Asociacións de veciños ou outras entidades sociais que presten servizos ou organicen actividades sen fin de lucro do tipo (organización de cursos, celebracións tradicionais, viaxes culturais, certames, etc) e para gastos en infraestructuras e equipamento cultural.*

*B) Promoción de Actividades Deportivas.*

*Os Clubs Deportivos e Asociacións Deportivas para a organización de actividades deportivas (escolas, cursos, competicións, campus deportivos...) e para infraestructura*

*e equipamento deportivo.*

*Non serán obxecto de subvención:*

- *Os gastos de mantemento ordinario: teléfono, auga, luz, gas, alugueiros, seguros ....*
- *As actividades suxeitas a un Convenio de Colaboración co Concello, e as que que recibisen calquera outro tipo de achega municipal*
- *Os gastos que non estean directamente vinculados á actividade realizada, ou que carezan da natureza propia desa actividade.*

*O período que se terá en conta para a realización de actividades será do 1 de xaneiro ó 1 de decembro de 2011.*

*As asociacións ou entidades só poderán concorrer a unha das categorías sinaladas anteriormente.*

### **3. FINANCIAMENTO DAS SUBVENCÍONS.**

*As citadas subvencións concederanse con cargo ás partidas e disponibilidades orzamentarias máximas seguintes:*

<i>MATERIAS</i>	<i>PARTIDA ORZAMENTARIA</i>	<i>CONTÍA MÁXIMA</i>
<i>Actividades Culturais e de Interese social.</i>	<i>334.48901</i>	<i>48.400,00 €</i>
<i>Deporte</i>	<i>341.48900</i>	<i>36.972,00 €</i>

### **4. SOLICITUDES.**

*Poderán solicitar subvención as persoas xurídicas, agrupacións veciñais, comités organizadores ou persoas físicas que cumpran as seguintes condicións:*

- *Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.*
- *Carecer de fins de lucro.*
- *Desenvolver as súas actividades no Termo Municipal de Silleda ou, no caso de efectuarse fora deste, deberá tratarse de actividades que suplan ou complementen as atribuídas ao Concello de Silleda.*
- *Non estar pendente de xustificación de ningunha subvención concedida polo Concello de Silleda.*

### **5. PROCEDEMENTO E PRAZO.**

*As solicitudes de subvención deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Silleda.*

*O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.*

## **6. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.**

- a. Instancia individualizada- segundo modelo Anexo que se entregará no Rexistro do Concello- por cada modalidade de actividade, asinada polo presidente da entidade, asociación, ou por quen teña conferida a delegación- debendo acreditar debidamente tal circunstancia- na que conste a finalidade e contía da subvención que se solicita.*
- b. Programa ou memoria detallada das actividades que se pretenden realizar, incluíndo as datas previstas para a súa realización- segundo modelo Anexo que se entregará no Rexistro do Concello.*
- c. Orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para a súa financiamento.*
- d. Certificación dos cargos representativos e domicilio social, con expresión do CIF ou NIF.*
- e) Fotocopia do documento que acredite a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións. No caso de non concordar os datos co Rexistro por non ter comunicadas as variacións producidas (cambio de presidente, Xunta Directiva,... deberán presentar ditas variacións*
- f) Copia do CIF da Entidade.*
- g) Comunicación de si lles foi concedida outra/s subvención/s para a mesma actividade procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior a presentación de solicitude.*
- h) Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante (en modelo que se entregará no Concello).*
- i) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Si se apreciasen defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días naturais, arquivándose o expediente sen máis trámite de non efectuarse estas.*

## **7. PROPOSTAS DAS SUBVENCIONES.**

*A comisión de subvencións procederá a proposta das axudas e subvencións, logo dos informes que se consideren precisos, e segundo os criterios que de seguido se sinalan:*

- *A colaboración co Concello no desenvolvemento da súa actividade cultural, deportiva ou de lecer.*
- *Interese xeral das actividades a desenvolver.*
- *Número de beneficiarios directa ou indirectamente.*
- *Carácter permanente ou periódico das actividades obxecto de subvención, en base o número de actividades ou proxectos realizados ou con proxección de cara ó futuro.*
- *Contribución á normalización da nosa lingua e cultura.*
- *Valorarase de maneira especial o fomento do deporte de base entre as entidades deportivas.*

*A Comisión de Subvencións terá a seguinte composición:*

- *Presidente: O Concelleiro de Cultura.*
- *Vogal: O Concelleiro de Deportes.*
- *Vogal: Animadora sociocultural ( que actuará como secretaria)*

## **8. CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.**

*O órgano municipal competente para a concesión das subvencións é A xunta de Goberno Local, que analizará a proposta da Comisión de subvencións e resolverá xustificadamente, tendo en conta que a subvención concedida nunca poderá exceder do importe das actividades previstas no orzamento das Asociacións. A proposta de subvencións irá acompañada dun informe de fiscalización da Intervención Municipal.*

*A resolución deberá conter os seguintes extremos:*

- *Relación de solicitantes que resulten beneficiarios, coa motivación correspondente, e o importe asinado.*
- *Desestimación do resto das solicitudes, ca motivación correspondente.*

*O prazo máximo para a notificación expresa da resolución das solicitudes será de tres meses, contados a partir do último día do prazo de presentación. A falla desa notificación expresa suporá a desestimación por silencio administrativo.*

*A resolución da concesión farase pública, como mínimo, mediante exposición pública no taboleiro de anuncios municipal durante un prazo de un mes.*

## **9. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

*Son obrigas dos beneficiarios:*

- *Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e*

- acredita-la súa realización.*
- *Sinalar en todo tipo de publicidade que a actividade conta co financiamento da concellaría correspondente do Concello de Silleda.*
  - *Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realicen, e para eso contratar unha póliza de responsabilidade civil.*
  - *Comunicar ó Concello a concesión de subvencións de calquera entidade pública ou privada: O incumprimento desta obriga pode dar lugar ás esixencias das responsabilidades que determine a lexislación vixente.*
  - *Destinar a subvención exclusivamente ós fins que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.*
  - *O sometemento ás actuacións de comprobación do concello da efectiva realización das actividades para as que foi concedida a subvención.*
  - *Facilitar canta información sexa requirida polo Concello ou polo Tribunal de Contas.*
  - *Estar o corrente das súas obrigas fiscais co Concello.*

## **10. CONTÍA DAS SUBVENCÍONS.**

*O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que aisladamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario. Neste suposto, modificarase a resolución da concesión.*

## **11. XUSTIFICACIÓN E COBRO DAS SUBVENCÍONS.**

*O prazo para a xustificación das subvencións finalizará o 28 de decembro, salvo que se solicite e fose concedida prórroga, debendo no seu caso, motivarse a concesión da mesma.*

*Se non se presentase a xustificación da totalidade da subvención dentro do prazo (inicial ou prorrogado) por Resolución de Alcaldía iniciárase o expediente de anulación do correspondente compromiso, reducíndose proporcionalmente a cantidade concedida ao gasto xustificado.*

*A xustificación dos gastos, de acordo co fin para o que se concedeu a subvención, deberá realizarse presentando a documentación xustificativa seguinte nos prazos indicados na presente convocatoria:*

- *Memoria descritiva das actividades realizadas sinalando as datas e lugares de realización e dos gastos e ingresos totais obtidos por todos os conceptos, debidamente rubricada e conformada polos representantes das entidades beneficiarias da subvención (segundo modelo que se entregará no Rexistro do Concello).*
- *Relación das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións ou Entidades*

*Públicas ou Privadas para o mesmo obxecto; en caso negativo, deberá deixarse constancia deste feito no expediente mediante a correspondente declaración responsable.*

*- No caso de gastos de prestacións persoais de servizo, acreditación mediante nómina, factura e calquera outro admitido en dereito.*

*- No caso de gastos de material, subministracións etc, orixinal ou fotocopia compulsada das facturas (ou documentos acreditativos do gasto substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do Real Decreto 1496/2003) representativos dos gastos realizados.*

*As facturas deberán conter como mínimo, os seguintes requisitos:*

- Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.*
- Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.*
- Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención.*
- Descrición do servizo ou subministro prestado.*
- Número de factura, data de emisión e denominación de "factura".*
- O importe dos gastos xustificados deberá acadar, como mínimo, a contía da subvención concedida.*
- Declaración de que as facturas ou xustificantes corresponden a actividade e entidade subvencionada.*

*Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente estimará o cumprimento das actividades ou inversións subvencionadas, e propondrá que se efectúe o pago da subvención.*

*No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.*

*O pago da subvención efectuarase mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade, cuxo titular deberá ser a entidade beneficiaria. Con carácter previo ao pago das cantidades concedidas, comprobarase de oficio pola Tesourería Municipal que as entidades beneficiarias non teñen débedas pendentes co Concello. Neste suposto, procederase ao seu cobro por compensación mediante a súa deducción da obriga de pago.*

## **11. REINTEGRO DE SUBVENCIONES.**

*Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas desde o momento do pago da subvención, nos seguintes casos:*

- Incumplimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.*
- Obtención da subvención sen reunir as condicións requiridas ou falseándoas.*

*As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingreso de dereito público.*



**DISPOSICIÓN FINAIS.-** Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador da Lei Xeral Orzamentaria, sen perxuízo da comunicación de tales feitos ó Consello de Contas ao efecto da depuración por este das eventuais responsabilidades penais ou de calquera outra índole que poideran esixirse.

*As sancións serán acordadas e impostas pola Alcaldía.”*

**SEGUNDO.** Publicar a mencionada convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

### **3º.- CONTRATACIÓN.**

#### **3.1.- Adecuación e modernización de equipamentos comerciais.**

Dase conta pola Sra. Presidenta da certificación nº Un, de data 19 de outubro de 2011 e polo importe de 89.900,00 €, correspondente a anualidade 2011 da obra "MELLORA DE RÚAS: MORÓN, ALFONSO TRABAZO E BRAÑA DO MEDIO NO NÚCLEO URBÁN DE SILLEDA E A RÚA PARQUE NO NÚCLEO URBÁN DE BANDEIRA ASI COMO A PEATONALIZACIÓN DA RÚA CARTAGENA.", executada por TRANSPORTE Y MAQUINARIA, C.P., S.L.

Visto o informe emitido pola Intervención en data 27 de outubro de 2011, a Xunta de Goberno Local dacordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Un da obra "MELLORA DE RÚAS: MORÓN, ALFONSO TRABAZO E BRAÑA DO MEDIO NO NÚCLEO URBÁN DE SILLEDA E A RÚA PARQUE NO NÚCLEO URBÁN DE BANDEIRA ASI COMO A PEATONALIZACIÓN DA RÚA CARTAGENA.", por importe de 89.900,00 € asinada polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal Director das Obras, Dº Lino Doporto Framil.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que é a seguinte:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE con IVA
Fecha	Número		
19.10.2011	15/11C	Transportes y Maquinaria C.P., S.L.	89.900,00 €

3º.- Tomar razón da cesión de derechos de cobro presentada pola empresa en data 25 de outubro de 2011.

#### **4º.- URBANISMO.**

**4.1.-** Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de agosto de 201 no que se incoaba procedemento de reposición da legalidade urbanística en relación á obra executada por Dona Isabel Maceira Viéitez e Don Ramón Cuiña Maceira, na finca 214, polígono 503 do plano catastral, no lugar de Cornado, parroquia de Chapa( Silleda).

Visto que na mesma sesión se acordaba a suspensión inmediata das obras xa que éstas non se axustaban á licenza obtida.

Visto que, unha vez comprobado que se trata dunha edificación en solo rústico sen a preceptiva autorización autonómica e que polo tanto corresponde a competencia para adoptar as medidas de protección da legalidade á persoa titular da consellería competente, de conformidade co artigo 214.1 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Tendo en conta que os promotores da obra non presentaron alegación algunha e que xa presentaron proxecto técnico para obter a autorización para a rehabilitación da vivenda.

Esta Xunta de Goberno Local por unanimidade e de conformidade coa delegación de competencias conferida por Resolución de Alcaldía de 4 de xullo de 2011, acorda:

- 1.- Darlle traslado dos documentos obrantes no expediente a Consellería de Urbanismo a fin de que, se procede, tramite o oportuno expediente de reposición da legalidade urbanística.
- 2.- Solicitar información sobre si procede tramitar o expediente de legalización da obra para a que xa presentou proxecto técnico ou se procede esperar á resolución do expediente de reposición por parte da Consellería.
- 3.- Notificar o presente acordo a Dona Isabel Maceira Viéitez e Don Ramón Cuiña Maceira.

**4.2.-** Dase conta do informe N° 376/11 emitido pola Policía Local en data 18 de outubro de 2011, sobre obra denunciada por Dª Felicita Canabal Meijomence contra Dº Manuel Fernández Canabal, que transcríbese a continuación:

*“N/Ref.: Informe 376/11*

*Asunto: COMPROBACION DE LICENZA DE OBRA*

*Dando cumprimento ao solicitado na Providencia da Alcaldía de 18 de outubro de 2011, persóanse os Axentes con TIP 265003 e 265007 o día 18 de outubro de 2011, no lugar de Pereira, na parroquia de Laro, coa finalidade de facer as comprobacións oportunas sobre unha obra denunciada por DNA. FELICITA CANABAL MEIJOMENCE no escrito con Rexistro de Entrada n° 4464, de 17 de outubro de 2011, e informase:*

- *Que a obra inspeccionada e unha edificación anexa a un establo xa existente, e a modo de ampliación do mesmo, duns 100 m<sup>2</sup>, e que se atopa finalizada.*
- *Que o promotor da obra e D. MANUEL FERNANDEZ CANABAL, con DNI 76.801.529, e con domicilio en Pereira nº11, Laro, Silleda.*
- *Que requerida a licenza municipal de obra, o promotor manifesta non posuíla.*

*Achégase informe fotográfico.”*

Visto que trátase dunha obra rematada sen licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda remitir o expediente ós servizos técnicos municipais para informar sobre si procede o procedemento de reposición da legalidade.

#### **4.3.- Actividades Clasificadas.**

**4.3.1.-** Licencia Nº 6898/07. Visto o expediente instruído a instancia de Dº Venancio Rancaño Álvarez, en representación de RESTAURANTE PARRILLADA BON XATO, S.L., solicitando Licencia para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a restaurante, a situar na rúa do Trasdeza (antiga Rúa Xeral Franco), nº 14 baixo (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 26 de decembro de 2.008, se concede licenza provisional de actividade á licenza de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva.

Visto que polo interesado preséntase en data 14 de abril de 2008, rexistro de entrada nº 1858, certificación final de obra suscrita polo arquitecto técnico redactor do proxecto e Director da Obra, Dª Araceli Fernández Pena, visada polo colexio oficial en data 10 de abril de 2008.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, visto o informe xurídico de data 27 de outubro de 2011 e o informe favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 27 de outubro de 2.011, acorda a concesión de licenza de actividade a RESTAURANTE PARRILLADA BON XATO, S.L. para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a restaurante, a situar na rúa do Trasdeza (antiga Rúa Xeral Franco), nº 14 baixo (Silleda).

**4.3.2.-** Licencia Nº 3364/03. Visto o expediente instruído a instancia de AUTOCARES LÁZARA, S.A., solicitando Licencia para construción dunha nave industrial para aparcadoiro de autobuses e oficinas, a situar nas parcelas nº 3 e 4, mazá nº 1, do Parque Empresarial Area-33, no lugar de A Mera (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 02 de decembro de 2.004, se concede licencia provisional de actividade á licencia de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva.

Visto que polo interesado preséntase en data 15 de novembro de 2010, rexistro de entrada nº 5051, certificación final de obra suscrita polo Arquitecto Técnico Dº Luis Llorente Taboada e o Arquitecto Dº Juan Carlos Picans Villar, de data 02 de setembro de 2009 e visada polo colexio oficial en data 07 de xullo de 2010 e 24 de setembro de 2010 respectivamente.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico de data 27 de outubro de 2011 e o informe favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 27 de outubro de 2.011, acorda a concesión de licencia de actividade a AUTOCARES LÁZARA, S.A. para construción dunha nave industrial para aparcadoiro de autobuses e oficinas, a situar nas parcelas nº 3 e 4, mazá nº 1, do Parque Empresarial Area-33, no lugar de A Mera (Silleda).

**4.4.-** Comprobado por parte da Policía Local que no lugar de Barro, na parroquia de Siador estáanse levando a cabo obras de construción dun galpón, promovidas por Dona María Celia Pilar Fernández Taboada

Visto que a citada obra carece da preceptiva licencia de obra segundo o artigo 194.2 da LOUGA.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 72.2 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e dos artigos 209 e 214.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, por parte da Alcaldía ordeouse a suspensión inmediata de ditos actos e ordeouse o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e de conformidade coa delegación de competencias conferida por Resolución de Alcaldía de 4 de xullo de 2011, acorda:

1. Remitir o expediente aos servizos municipais de urbanismo para que informen sobre se procede adoptar medidas de protección da legalidade urbanística e se as actuacións que se están realizando son compatibles co planeamento urbanístico.

**4.5.-** Comprobado por parte da Policía Local que no lugar de Castrocastrinho, na parroquia de Piñeiro estáanse levando a cabo obra de rebaixe de terreo nunca finca e recheo noutra cercana e que a promotora da obra resulta ser Dona Ofelia Emilia Recimil García.

Visto que a citada obra carece da preceptiva licencia de obra segundo o artigo 194.2 da LOUGA.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 72.2 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e dos artigos 209 e 214.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, por parte da Alcaldía ordeouse a suspensión inmediata de ditos actos e ordeouse a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra ou a actividade suspendida e a maquinaria afecta á mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e de conformidade coa delegación de competencias conferida por Resolución de Alcaldía de 4 de xullo de 2011, acorda:

1. Remitir o expediente aos servizos municipais de urbanismo para que informen sobre se procede adoptar medidas de protección da legalidade urbanística e se as actuacións que se están realizando son compatibles co planeamento urbanístico.

**4.6.-** Comprobado por parte da Policía Local que no lugar de Castrocastríño, na parroquia de Piñeiro estánse levando a cabo obra de rebaixe de terreo nunca finca e recheo noutra cercana e que o promotor da obra resulta ser Don Carlos Rey Domínguez.

Visto que a citada obra carece da preceptiva licencia de obra segundo o artigo 194.2 da LOUGA.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 72.2 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e dos artigos 209 e 214.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, por parte da Alcaldía ordeouse a suspensión inmediata de ditos actos e ordeouse a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra ou a actividade suspendida e a maquinaria que afecta á mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e de conformidade coa delegación de competencias conferida por Resolución de Alcaldía de 4 de xullo de 2011, acorda:

1. Remitir o expediente aos servizos municipais de urbanismo para que informen sobre se procede adoptar medidas de protección da legalidade urbanística e se as actuacións que se están realizando son compatibles co planeamento urbanístico.

**4.7.-** Comprobado por parte da Policía Local que no lugar de Rosende, na parroquia de Ponte, estánse levando a cabo obras de construción dunha edificación, promovidas por Don Antonio González Sánchez, e que estas non se corresponden coa licenza de obra presentada polo promotor das mesmas

Visto que a citada obra carece da preceptiva licencia de obra segundo o artigo 194.2 da LOUGA.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 72.2 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e dos artigos 209 e 214.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, por parte da Alcaldía ordeouse a suspensión inmediata de ditos actos e ordeouse o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e de conformidade coa delegación de competencias conferida por Resolución de Alcaldía de 4 de xullo de 2011, acorda:

1. Remitir o expediente aos servizos municipais de urbanismo para que informen sobre se procede adoptar medidas de protección da legalidade urbanística e se as actuacións que se están realizando son compatibles co planeamento urbanístico.

**4.8.-** Comprobado por parte da Policía Local que no lugar de Ribeirao, na parroquia de Negreiros estánse levando a cabo obras de construción dunha vivenda unifamiliar e garaxe, e que o promotor da obra resulta ser Don Antonio Cabaleiro Fernández.

Visto que a citada obra carece da preceptiva licencia de obra segundo o artigo 194.2 da LOUGA.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 72.2 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e dos artigos 209 e 214.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, por parte da Alcaldía ordeouse a suspensión inmediata de ditos actos e ordeouse o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e de conformidade coa delegación de competencias conferida por Resolución de Alcaldía de 4 de xullo de 2011, acorda:

1. Remitir o expediente aos servizos municipais de urbanismo para que informen sobre se procede adoptar medidas de protección da legalidade urbanística e se as actuacións que se están realizando son compatibles co planeamento urbanístico.

**4.9.-** Visto que con data 22 de setembro de 2011 ditouse providencia de Alcaldía ordeando á policía que comprobase se a ampliación da vivenda de Dona Aurea Sandá López sita no lugar de Outeiro - Negreiros dispoñía de licencia municipal.

Visto que segundo informe da Policía Local de data 29 de setembro de 2011, Dona Aurea

Sandá López presenta licencia de rehabilitación do inmovible sito en Outeiro 17, Negreiros pero que non conta con licencia para o peche da parcela.

Visto que, requerido pola Alcaldesa o arquitecto asesor municipal, redactou informe con data 13 de outubro no que se manifesta que "polo que se conclúe que as obras executadas, recollidas no informe da policía local, non se corresponden co proxecto que figura no expediente e que obtivo licencia municipal de obras en Xunta de Goberno Local do día sete de novembro de 2008, con respecto ás mesmas, considérase que as obras non son legalizables".

Visto que se trata dunha obra de rehabilitación das enmarcadas no artigo 40 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e que se trata dunha obra realizada en solo rústico e sen axustarse ás condicións da autorización autonómica outorgada.

De conformidade co artigo 214.1 da LOUGA, corresponde á persoa titular da consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a competencia para a adopción das medidas precisas de protección da legalidade.

Visto todo o anterior a Xunta de Goberno por unanimidade e de conformidade coa delegación de competencias otorgada por Resolución de Alcaldía de data 4 de xullo de 2011, acorda:

- 1.- Darlle traslado dos documentos obrantes no expediente a Consellería de Urbanismo a fin de que, se procede, tramite o oportuno expediente de reposición da legalidade urbanística.
- 2.- Notificar o presente acordo a Dona Aurea Sandá López.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as quince horas e trinta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,